

ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

Hotel Carlos I Silgar 4* (Sanxenxo)

Gran Talaso Hotel Sanxenxo 4* (Sanxenxo)

Hotel Bienestar Moaña 4* (Moaña)

Hotel Alda Carril 4* (Vilagarcía de Arousa)

Hotel Coia 4* (Vigo)

Hotel Pazo O Rial 4* (Vilagarcía de Arousa)

Hotel Nuevo Astur & Spa 3* (Sanxenxo)

Hotel Rías Bajas 3* (Pontevedra)

Hotel Bahía Bayona 3* (Baiona)

Hotel Sercotel Tres Luces 3* (Vigo)

Hotel Alda Castelao 3* (Vilagarcía de Arousa)

Hotel Restaurante Pontañas 3* (Lalín)

Depósito Legal: PO 447-2024

PREZOS

Adultos e maiores de 12 anos **30,80 €**

Menores de 3 a 12 anos **15,40 €**

Menores de 0 a 2 anos **0 €**

Prazas reservadas para persoas
perceptoras da RISGA ou do IMV **0 €**

ABERTO O PRAZO DE INSCRIPCIÓN

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Servizo de Benestar Social
Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra
Tel. 986 804 100

ORGANIZACIÓN TÉCNICA DE HALCÓN VIAJES

Rúa Gran Vía, 35, 36204 Vigo. Tel. 986 431 433

Máis información en www.depo.gal
ou no tel. 986 804 100



Lecer en familia

2024



Deputación
Pontevedra

QUE OFERTA?

Unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), en períodos non lectivos ou vésperas de festivos, nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, será de 3 estrelas: establecementos tipo balneario, talaso ou *spa*, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión.

A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte polo mediodía.

O paquete comprende:

- ◆ **Estancia con media pensión** (almorzo tipo bufete e cea con dous pratos e sobremesa, incluídas as bebidas non alcohólicas, así como menú infantil para menores de 3 a 12 anos inclusive)
- ◆ **Dúas actividades de animación** sociocultural a elixir segundo o establecemento que se escolla
- ◆ **Agasallo serigrafado**

QUEN PODE PARTICIPAR?

Unidades familiares con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

As persoas da unidade familiar que desexen participar deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao de consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroadas no mesmo domicilio. Exceptúase o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal.

As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- ◆ Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa
- ◆ Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio
- ◆ Ser unha persoa autónoma para realizar as actividades elementais da vida diaria
- ◆ No caso de persoas con discapacidade, con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados que precise

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 8 de novembro ata o 22 de novembro de 2024

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado. Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse de maneira presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora.

Soamente se poderá presentar unha solicitude por unidade familiar.

PRAZAS

As 2.957 prazas ofertadas estarán repartidas nas seguintes modalidades:

- ◆ **2.907 prazas de réxime xeral:** a Deputación subvencionará 60 € do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 € para as persoas de 3 a 12 anos (inclusive). A praza das e dos menores de 0 a 2 anos será de balde.
- ◆ **50 prazas de réxime especial:** a Deputación subvencionará o 100 % do custo da praza. * Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV). Se non se cubren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.